

## Regulamento da Comisión de Igualdade da Universidade de Vigo

### Preámbulo

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre homes e mulleres, establece no seu artigo 45.2: «No caso das empresas de máis de douscentos cincuenta traballadores as medidas de igualdade ás que se refire o punto anterior deberanse dirixir á elaboración e aplicación dun plan de igualdade, co alcance e contido establecidos neste capítulo, que deberá ser así mesmo obxecto de negociación na forma que se determine na lexislación laboral», e no seu artigo 46,

“Concepto e contido dos plans de igualdade das empresas.

1. Os plans de igualdade das empresas son un conxunto ordenado de medidas, adoptadas despois de realizar un diagnóstico de situación, que tenden a alcanzar na empresa a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes e a eliminar a discriminación por razón de sexo.

Os plans de igualdade fixarán os concretos obxectivos de igualdade que se prevén alcanzar, as estratexias e prácticas que se van adoptar para a súa consecución, así como o establecemento de sistemas eficaces de seguimento e avaliación dos obxectivos fixados.

2. Para a consecución dos obxectivos fixados, os plans de igualdade poderán recoller, entre outras, as materias de acceso ao emprego, clasificación profesional, promoción e formación, retribucións, ordenación do tempo de traballo para favorecer, en termos de igualdade entre mulleres e homes, a conciliación laboral, persoal e familiar, e prevención do acoso sexual e do acoso por razón de sexo.

3. Os plans de igualdade incluírán a totalidade dunha empresa, sen prexuízo do establecemento de accións especiais adecuadas respecto a determinados centros de traballo.”

Ademais, a LOMLOU establece na disposición adicional duodécima que: «As universidades contarán entre as súas estruturas de organización con unidades de igualdade para o desenvolvemento das funcións relacionadas co principio de igualdade entre mulleres e homes».

Para os efectos de cumprir as obrigas anteriores parece necesaria a existencia dunha comisión de igualdade encargada de apoiar e asesorar os órganos de goberno e de representación da Universidade de Vigo.

## Artigo 1.- Natureza xurídica

A Comisión de Igualdade da Universidade de Vigo constitúese como un órgano colexiado encargado de apoiar e asesorar todos os órganos de goberno e de representación da Universidade de Vigo en materia de igualdade. O seu réxime de funcionamento será o correspondente aos órganos colexiados da Universidade de Vigo. Será nomeada polo reitor, que informará o Consello de Goberno.

## Artigo 2.- Composición

A Comisión de Igualdade estará constituída por:

- Reitor ou reitora ou persoa en quen delegue, que exercerá a presidencia
- Directora ou director da Unidade de igualdade, que ocupará a secretaría da comisión
- A/o vicexerente de Recursos Humanos
- Dúas persoas en representación do persoal docente investigador (PDI) con vinculación permanente
- Unha persoa en representación da Xunta de Persoal Funcionario
- Unha persoa en representación do Comité de Empresa
- Unha persoa en representación da Xunta de PDI funcionario
- Unha persoa en representación dos comités de empresa de Pontevedra e Ourense ( PDI laboral)
- Unha persoa en representación do alumnado
- Unha persoa en representación do Consello Social

Na súa composición respectarase o equilibrio de xénero. Terase en conta a presenza de persoas procedentes dos tres campus da universidade.

## Artigo 3.- Funcións

Son funcións da Comisión de Igualdade:

- Realizar as propostas de plans, programas ou actuacións que realice a Universidade de Vigo en materia de igualdade.
- Participar na elaboración dos plans de igualdade da Universidade de Vigo, que lle remitirán, para que se aproben, ao Consello de Goberno.
- Realizar o seguimento de todos os plans e actuacións en materia de igualdade.

- Impulsar a execución dos plans de igualdade, avaliar a súa aplicación e propoñer accións de mellora.
- Calquera outra que lle sexa encomendada polos órganos de goberno e representación da Universidade de Vigo.

#### Artigo 4.- Funcionamento

- A Comisión de Igualdade rexerese polo disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e polo establecido no presente regulamento.
- A Comisión de Igualdade reunirse por convocatoria da súa secretaría por orde da presidencia. Deberá reunirse, polo menos, unha vez ao trimestre.
- A orde do día será elaborada pola presidencia. Inclúranse os puntos que sexan solicitados por escrito polo 30 % dos seus membros.
- Ás sesións da Comisión poderán asistir, por invitación da presidencia, con voz pero sen voto, persoas expertas nos temas que se traten.

#### Disposición adicional

Nas cuestións non previstas neste regulamento a Comisión de Igualdade rexerese polo disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo, na Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, así como pola Lei orgánica 6/2001 de universidades e na Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

Aprobado en Consello de Goberno o 13 de xuño de 2011